



A Universidade de Santiago regula nas súas Normas de xestión académica (DOG do 14 de xaneiro de 1999), modificadas polo Acordo do 7 de abril de 2000, os criterios e mailo procedemento para o acceso ó segundo ciclo, desenvolvendo o disposto no Real decreto 1497/87, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns ós planos de estudo, modificado polos Reais decretos 1267/94 de 10 de xuño; 2347/1996 de 8 de novembro, 614/1997 de 25 de abril e 779/1998 de 30 de abril, e no Real decreto 69/2000 de 21 de xaneiro (BOE do 22 de xaneiro) polo que se regulan os procedementos de selección para o ingreso en centros universitario. Por outra banda a Universidade aprobou os límites de prazas para o vindeiro curso 2001-2002 polo Acordo da Xunta de Goberno do 15 de marzo de 2001, así como a proposta de porcentaxe de prazas de reserva para alumnos doutras universidades, mediante acordo do 27 de xuño.

De conformidade co establecido nas normas citadas cómpre face-la oportuna convocatoria correspondente ó curso 2001-2002 para o ingreso en titulacións de só segundo ciclo e nos segundos ciclos de titulacións ás que se poida acceder dende outras titulacións ou outros primeiros ciclos. Asemade utilizarase o mesmo procedemento para a xestión e selección dos solicitantes de acceso as titulacións propias da USC.

É por isto que

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

I. ESTUDIOS DE SEGUNDO CICLO

PRIMEIRO.- TITULACIÓNS E SEGUNDOS CICLOS

1.1. No curso 2001-2002 poderase ingresar nas titulacións oficiais só de segundo ciclo e nos segundos ciclos de titulacións oficiais de primeiro e segundo ciclo que se relacionan no Anexo, consonte as normas da presente resolución.

1.2. No dito Anexo recóllense, para cada titulación, o número de prazas, nas titulacións ou estudos que dan acceso e mailos complementos de formación necesarios, de se-lo caso.

1.3. De seren necesarios complementos de formación, estes poderán ser cursados simultaneamente cos estudos do segundo ciclo, agás que o plano de estudos imponha prelacións ou prerequisites entre as materias.

SEGUNDO.- PROCEDEMENTO DE INGRESO

2.1. Nos estudos ós que fai referencia a presente resolución que non estean sometidos a limitación de prazas, o ingreso realizarase mediante a formalización de matrícula nos prazos que con carácter xeral se establezan.



2.2. O ingreso en estudos con limitación de prazas requirirá a solicitude previa dos alumnos interesados. A solicitude e mailo procedemento para a súa resolución rexeranse pola presente resolución.

II. PROCEDEMENTO DE INGRESO EN TITULACIÓNS DE 2º CICLO CON LIMITACIÓN DE PRAZAS

TERCEIRO.- PRAZOS DE SOLICITUDE

3.1. Os alumnos deberán presenta-la solicitude nos prazos que se establecen:

PRIMEIRA CONVOCATORIA: Do **16 ó 30 de xullo** para os alumnos que posúan a titulación ou estudos que lles dea acceso dentro deste prazo, é dicir, aqueles que remataran os estudos de acceso na convocatoria de xuño ou en anos anteriores, e presenten a solicitude entre esas datas.

SEGUNDA CONVOCATORIA: Do **1 ó 8 de outubro** para os alumnos que rematen na convocatoria de setembro os estudos que lles dan acceso, así como aqueles que, aínda que podendo presenta-la solicitude na primeira convocatoria, non o fixeran.

CONVOCATORIA TRALO 1º CUADRIMESTRE: Do **11 ó 15 de marzo** para os alumnos que reúnan os requisitos académicos para o acceso e desexen formaliza-la matrícula naquelas titulacións nas que tralas dúas convocatorias ordinarias resultaran prazas vacantes.

CUARTO.- DOCUMENTACIÓN E LUGARES DE PRESENTACIÓN

4.1. Tódolos alumnos deberán presentar unha solicitude segundo o modelo oficial na que se expresen claramente as titulacións que desexan cursar e unha fotocopia do documento nacional de identidade. No caso de solicitar máis dunha titulación deberase manifesta-la orde de preferencia entre elas.

4.2. Os alumnos procedentes doutras universidades deberán presentar unha certificación académica completa dos estudos cursados que lles dean acceso á titulación solicitada. Esta certificación deberá conte-la seguinte información:

- cualificacións
- constancia da superación do 1º ciclo que lle dea acceso á titulación solicitada.
- se o alumno alegase para o acceso un primeiro ciclo de planos de estudos estruturados en créditos, a certificación deberá conte-la mención de ter superado o primeiro ciclo así como a valoración en créditos de cada unha das materias.
- de excede-lo número de materias superadas o mínimo para acada-la titulación ou o 1º ciclo, deberanse sinala-las materias que non se terán en conta para a valoración do expediente.

4.3. No suposto de que os alumnos non poidan presenta-la certificación completa incluíndo os créditos das materias, realizarase unha media aritmética das cualificacións e serán convocados se tralo chamamento ó resto de solicitantes quedaran prazas vacantes.



4.4. As solicitudes deberán presentarse no Negociado de Admisión de Alumnos do Servicio de Alumnado e mais no Negociado de Alumnos-Información da Vicexerencia do campus de Lugo.

SEXTO.- CRITERIOS DE RESOLUCIÓN DO PROCESO

Para a resolución **de cada unha das fases** do proceso teranse en conta, xunto co disposto na norma 6.4 para ás titulacións propias: 1º a cualificación e 2º a preferencia manifestada polo alumno.

6.1. Procedencia.- en aplicación do acordo da Xunta de Goberno de 27 de xuño, non se terá en conta a universidade procedencia dos alumnos na adxudicación das prazas.

6.2. Cualificación.- as solicitudes dunha mesma quenda ordenaranse segundo a media do expediente académico calculada ó abeiro dos criterios xerais acordados polo Consello de Universidades ós que fai referencia a disposición final segunda do Real Decreto 1497/1987 de 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos planos de estudos, na redacción dada polo Real decreto 1267/1994, de 10 de xuño.

Para o acceso ás titulacións de segundo ciclo ou ós segundos ciclos sometidos a limitación de prazas soamente se valorará o primeiro ciclo efectivamente cursado polo alumno.

6.3. Preferencia.- No caso de que o alumno solicite praza en máis dunha titulación da convocatoria, a súa solicitude resolverase consonte as seguintes regras:

- a) No caso de estar convocado á matrícula nunha titulación das solicitadas que non sexa a da súa primeira preferencia, manterase o seu dereito a matrícula ata cubrir tódalas prazas nas titulacións de maior preferencia. Neste momento, deberá matricularse ou ben perderá os seus dereitos respecto da praza adxudicada.
- b) Do mesmo xeito, de ser convocado a matrícula nunha titulación, as solicitudes respecto de titulacións con preferencia menor serán automaticamente desestimadas.

6.4. Na titulación propia de **Graduado Superior en Enxeñería Ambiental** as prazas adxudicaranse en cada quenda coa seguinte prelación: en primeiro lugar ós licenciados e enxeñeiros, en segundo lugar os Enx.técnicos; de resultar vacantes adxudicaríanse entre os alumnos cun 1º ciclo superado; de seguir resultando vacantes consideraranse as daqueles enxeñeiros técnicos que estean en condicións de presentalo proxecto de fin de carreira. En todo caso a superación do proxecto fin de carreira deberá acreditarse antes do 19 de outubro.

No caso de que o alumno no cumpra o requisito de presentación e superación do proxecto antes da data fixada, anularíase a súa solicitude de matrícula sen dereito a devolución dos prezos aboados.

As prazas da titulación de **Graduado Superior en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions**, adxudicaranse consonte a seguinte orde de prelación:

1º.- Enxeñeiros superiores, enxeñeiros técnicos, así como quen acredite ter superado o 1º ciclo das licenciaturas en Física, Matemáticas ou Ciencias e Técnicas Estatísticas, e os Diplomados en Estatística.

2º.- Diplomados ou cun primeiro ciclo de calquera titulación da área de ciencias experimentais (D.Óptica e Optometría, L. CC. Ambientais, L. Biología, L. CC. do Mar, L. Química, L. Xeoloxía, L. Enoloxía) e



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

das titulacións de Administración e Dirección de Empresas, Economía, Ciencias Empresariais, Ciencias Actuariais e Financeiras, Biblioteconomía e Documentación, Ciencias da Información, Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Arquitectura, Estudos Empresariais, Xestión e Administración Pública, Arquitectura Técnica.

3º.- Calquera outro primeiro ciclo ou diplomatura.

Na titulación de **Graduado Superior en Xerontoloxía**, na quenda ordinaria e na de ensinanza virtual, as solicitudes ordenaranse pola media do expediente académico. Na quenda para a ensinanza virtual só se considerarán os expedientes dos alumnos que a Comisión da Titulación considere que contan con experiencia profesional.

6.5. No caso de cubrirse tódalas prazas dunha titulación, desestimaránse tódalas solicitudes en lista de agarda e, en consecuencia, anularánse as solicitudes a titulación correspondente.

6.6. Formalizada a matrícula en calquera titulación, con ou sen límite de prazas, entenderase que o alumno retira a súa solicitude respecto do resto de titulacións e, polo tanto, quedan sen efecto o resto das titulacións solicitadas.

O disposto nesta norma aplicarase tamén a matrícula nas titulacións propias da Universidade.

6.7. Tódalas referencias feitas a alumnos titulados enténdese feitas a alumnos que reúnan tódolos requisitos académicos para obter o título.

SÉTIMO.- QUENDAS E ACUMULACIÓN DE VACANTES

7.1. Consonte ó acordo da Xunta de Goberno do 27 de xuño, consideraránse en igualdade de condicións tódalas solicitudes independentemente da universidade de procedencia dos alumnos

7.2. No caso de que para unha titulación existan quendas de ingreso e que unha vez resoltas tódalas solicitudes dunha determinada quenda, resultaran prazas vacantes, estas acumularíanse ó resto das quendas da titulación consonte as seguintes regras:

- a) De resultar vacantes as prazas reservadas a unha titulación de acceso, acumularánse proporcionalmente ó resto de titulacións de acceso, e de se-lo caso, consonte ó disposto no acordo da Xunta de Goberno do 15 de marzo polo que se aproban os límites de prazas.
- b) As acumulacións de prazas faranse en cada convocatoria de xeito que só se ofertarán prazas ós solicitantes dunha convocatoria se non quedan solicitudes da convocatoria anterior para cubri-las prazas.
- c) Na Titulación propia de Graduado Superior en Enxeñería Ambiental, non se acumularán as posibles prazas vacantes dunha quenda a outra ata o remate da segunda fase.



OITAVO.- PROCEDEMENTO

8.1. Rematados os prazos de solicitude e de xestión dos expedientes, faranse públicas as primeiras relacións de alumnos convocados en cada titulación por cada quenda. Ademais, publicarase unha relación de alumnos en lista de agarda á expectativa de vacantes. Xunto con estas relacións convocarase ós alumnos admitidos a formaliza-la matrícula.

As ditas relacións publicadas no Servizo de Alumnado, Vicexerencia do Campus de Lugo e nas Unidades de Xestión Académica terán a consideración de notificación consonte ó disposto nos artigos 59 e 60 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

8.2. Os alumnos convocados para formaliza-la matrícula, de non a faceren nos prazos establecidos, perderán os seus dereitos respecto das prazas adxudicadas, isto sen prexuízo do regulado na norma 6.3. respecto da preferencia

8.3. De existiren prazas vacantes unha vez rematado o prazo de matrícula, realizaríanse sucesivas convocatorias, convocando por cada titulación tantos alumnos como prazas vacantes haxa.

8.4. As publicacións das listas de convocados e convocatoria de matrícula terán lugar nas seguintes datas:

Fases A (xullo) e B (setembro)	
1ª convocatoria	Do 11 ó 13 de setembro
2ª convocatoria	Do 18 ó 20 de setembro
3ª convocatoria	Do 25 e 27 de setembro
4ª convocatoria	Do 2 ó 4 de outubro
Naquelas titulacións nas que resultaran vacantes faríanse novos chamamentos no mes de outubro	
Fase trala convocatoria de marzo	
Convocatoria única 20 ó 22 de marzo	

NOVENO.- SIMULTANEIDADE DE ESTUDIOS

Pode ser que o acceso ó segundo ciclo de estudos de titulacións de primeiro e segundo ciclo non estea sometido a limitación ningunha de prazas, aínda que o ingreso a través do primeiro ciclo si o estea. Neste caso considerarase que a titulación non está sometida a limitación de prazas para os alumnos que accedan ó segundo ciclo consonte o procedemento establecido na presente resolución.

DÉCIMO.- NORMAS SUPLETORIAS E RECLAMACIÓNS

10.1. Como norma supletoria deste procedemento aplicarase o R.D. 69/2000 sobre procedementos de acceso e ingreso en titulacións con límite de prazas, e a normativa da Universidade de Santiago sobre xestión académica.



10.2. Publicadas as relacións a que fai referencia a norma 8.1., os alumnos poderán presentar reclamación contra elas no prazo máximo de 5 días naturais contados a partir da data da resolución que as faga públicas nos taboleiros de anuncios.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.-

Consonte o establecido no Real decreto 69/2000 e na norma 53.4 e 53.5 das Normas de xestión académica os alumnos que estean en posesión dun primeiro ciclo ou dunha titulación de primeiro ciclo que lles recoñeza o acceso a outros segundos ciclos ou titulacións de só segundo ciclo soamente poderán solicita-lo ingreso nos ditos estudos a través do disposto neste acordo.

En consonancia co anterior, non poderán solicita-lo ingreso no primeiro ciclo da mesma titulación, alegando estar en posesión dun título universitario, probas de acceso á universidade, formación profesional ou calquera outro título que recoñeza o acceso á universidade. No suposto de que o alumno solicite, nunha primeira convocatoria, o ingreso no primeiro ciclo dunha titulación por non ter superado o primeiro ciclo que lle recoñece o acceso ó segundo ciclo, e a superase na segunda convocatoria do curso, procederase á anulación de tódalas actuacións efectuadas, incluso a matrícula que puidese ter feita, e tomarase en consideración a solicitude do alumno como solicitude de ingreso en estudos de segundo ciclo coa prelación de setembro.

Santiago de Compostela, a 12 de xullo de 2001

O RECTOR,

(P.D. R.R. 11 de xullo de 2001)

O VICERRECTOR DE RELACIONES EXTERIORES,



Fernando Domínguez Puente

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA; SR. SECRETARIO XERAL; SRES. DECANOS E DIRECTORES; SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO; SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO; SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA; SR. XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS; SR. DIRECTOR DO C.O.I.E.; SRES. XEFES DAS UNIDADES CENTRALIZADAS DE XESTIÓN ACADÉMICA.

CAMPUS DE SANTIAGO

titulación	prazas	acceso dende:	complementos de formación:
Lic. en Admón e Dirección de Empresas	sen límite	1º ciclo lic. Economía ou dip. en CC. Empresariais	Dende Diplomado en CC. Empresariais: 802 Introducción á Microeconomía (4 cred.); 803 Introducción á Microeconomía (4 cred.) Dende o Primeiro ciclo de Lic. en Admón. e Dirección de Empresas: 801 Economía e Dirección de Empresas (9 cred.)
	sen límite	1º ciclo lic. Direc. e Admón. de Empresas ou dip. en CC. Empresariais	Dende Diplomado en Ciencias Empresariais: 801 Historia Económica (9 cred.); 802 Introducción á Microeconomía (4 cred.); 803 Introducción á Microeconomía (4 cred.) Dende o primeiro ciclo de Lic. en Admón. e Dirección de Empresas: 801 Historia Económica (9 cred.)
Lic. en Economía	sen límite	1º ciclo lic. Direc. e Admón. de Empresas ou dip. en CC. Empresariais	Dende Diplomado en Ciencias Empresariais: 801 Historia Económica (9 cred.); 802 Introducción á Microeconomía (4 cred.); 803 Introducción á Microeconomía (4 cred.) Dende o primeiro ciclo de Lic. en Admón. e Dirección de Empresas: 801 Historia Económica (9 cred.)
	5	1º ciclo de calquera titulación	Os alumnos deberán cursar, de non terlos cursado: 802 Lingua Galega Oral; 803 Técnicas de Comunicación Audiovisual; 804 Comunicación e Información Escrita; 805 Teorías da Comunicación.
Lic. en Filoloxía Alemana	5	1º ciclo Publicidade e R.Públicas da F. CC. Sociais (Univ. de Vigo)	801 Segunda Lingua: Alemán (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Alemán (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Alemana (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Alemana (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Lingua Grega e a súa Literatura I (8 cred.); 802 Lingua Grega e a súa Literatura II (8 cred.); 803 Lingua Latina e a súa Literatura I (8 cred.); 804 Lingua Latina e a súa Literatura II (8 cred.)
Lic. en Filoloxía Clásica	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Francés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Francés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Francés (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Francés (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Francés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Francés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Francés (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Francés (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Francesa	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Francés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Francés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Francés (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Francés (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Francés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Francés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Francés (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Francés (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Galega	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Galego (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Galego (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Galega (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Galega (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Español (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Español (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Española (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Española (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Hispánica	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Español (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Español (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Española (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Española (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Inglés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Inglés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Inglesa (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Inglesa (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Inglesa	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Inglés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Inglés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Inglesa (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Inglesa (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Inglés (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Inglés (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Inglesa (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Inglesa (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Italiana	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Italiano (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Italiano (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Italiana (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Italiana (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Italiano (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Italiano (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Italiana (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Italiana (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Portuguesa	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Portugués (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Portugués (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Portuguesa (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Portuguesa (6 cred.)
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Segunda Lingua: Portugués (6 cred.); 802 Ampliación da Segunda Lingua: Portugués (8 cred.); 803 Literatura da Segunda Lingua I: Portuguesa (6 cred.); 804 Literatura da Segunda Lingua II: Portuguesa (6 cred.)
Lic. en Filoloxía Romanica	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	A) Dende Filoloxía Catalana, Francesa, Galega, Hispánica, Italiana e Portuguesa, Ampliación da 2ª Lingua: Literatura da Segunda Lingua I: Literatura da Segunda Lingua II
	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	B) Dende o resto das Filoloxías, superando as Primeiras Linguas Romanicas e as súa Literatura
Lic. en Matemáticas	sen límite	dip. en Estatística	801 Xeometría Afín e Proxectiva (6 cred.); 802 Métricos numéricos (6 cred.); 803 Teoría Global de Superficies (6 cred.); 804 Elementos da Variable Complexa (6 cred.)
	sen límite	dip. en Estatística	801 Ciencia Política I (8 cred.); 804 Historia Política Contemporánea (8 cred.); 805 Socioloxía Xeral (8 cred.); 806 Técnicas de Investigación Social I e 808 Técnicas de Investigación Social II (8 cred.)
Lic. en CC. Políticas e da Admón.	10	1º ciclo lic. Dereito	801 Ciencia Política I (8 cred.); 802 Relacións Internacionais I (8 cred.); 803 Dereito Constitucional I e 807 Dereito Constitucional II (8 cred.)
	10	lic. en Socioloxía	801 Ciencia Política I (8 cred.); 802 Relacións Internacionais I (8 cred.); 803 Socioloxía Xeral (8 cred.); 806 Técnicas de Investigación Social (8 cred.)
Lic. en Pedagogía	20	dip. en Xest. e Adm. Púb.	801 Método Deseño e Tec. de Invest. Psicolóxicos (6 cred.); 803 Psicoloxía da Personalidade (6 cred.); 804 Psicoloxía Social (6 cred.)
	20	lic. en Pedagogía	805 Didáctica Xeral (6 cred.); 806 Psicoloxía da Educación (4 cred.); 807 Organización do centro escolar (4 cred.); 808 Tª e institucións contemporáneas de Educación (4 cred.)
Lic. en Psicopedagogía	20	lic. en Psicoloxía	801 Método Deseño e Tec. de Invest. Psicolóxicos (6 cred.); 802 Procesos Psicolóxicos Básicos (6 cred.); 803 Psicoloxía da Personalidade (6 cred.); 806 Psicoloxía da Educación (4 cred.); 807 Organización do Centro Escolar (4 cred.)
	20	dip. en Educ. Social	801 Método Deseño e Tec. de Invest. Psicolóxicos (6 cred.); 802 Procesos Psicolóxicos Básicos (6 cred.); 803 Psicoloxía da Personalidade (6 cred.); 804 Psicoloxía Social (6 cred.)
Lic. en Bioloxía	10	Mestres	801 Botánica (9 cred.); 803 Citoloxía e Histoloxía Vexetal e Animal (9 cred.); 805 Fisioloxía Vexetal (9 cred.); 804 Fisioloxía Animal (9 cred.); 808 Zooloxía (9 cred.)
	10	1º ciclo de Ciencias do Mar	802 Botánica (9 cred.); 803 Citoloxía e Histoloxía Vexetal e Animal (9 cred.); 805 Fisioloxía Vexetal (9 cred.); 804 Fisioloxía Animal (9 cred.); 808 Zooloxía (9 cred.)
Lic. en Química	5	1º ciclo de farmacia	804 Enxeñaría Química I (3,5 cred.); 805 Enxeñaría Química II (3,5 cred.)
	5	1º ciclo de Enxeñaría Química	801 Bioquímica I (3,5 cred.); 802 Bioquímica II (3,5 cred.); 803 Enlace Químico e Estrutura da Materia (3 cred.)
Enxeñaría Química	5	E.T. Industrial (espec. Química Ind.)	801 Bioquímica I (3,5 cred.); 802 Bioquímica II (3,5 cred.); 807 Técnicas Experimentais en Química Analítica (4,5 cred.); 808 Técnicas Experimentais en Química Física (4,5 cred.); 806 Química Inorgánica II (5 cred.)
	8	E.T. Ind. (espec. Química Industrial)	Sen complementos de formación
Pedagogía	8	1º ciclo de licenciatura de Química	801 Deberxo Tecnolóxico (6 cred.); 802 Fenómenos de Transporte (6 cred.); 803 Lab. de Fluidos e de calor (6 cred.); 804 Lab. Fenómeno de Transporte (6 cred.); 805 Transmisión de Calor (4,5 cred.); 806 Transporte de Fluidos (6 cred.)
	80	EXB ou Dipl. en Educación Social	801 Antropoloxía da Educación (3 cred.); 802 Bases Metodolóxicas Investigación Educativa (6 cred.); 803 Organ. e Xestión Centros Educativos (6 cred.); 804 Procesos Psicolóxicos Básicos (5 cred.)

CAMPUS DE LUGO			
titulación	prazas	acceso dende:	Complementos de formación:
Lic. en Dirección e Admn de Empresas	150	1º ciclo lic: Economía ou dip. en CC. Empresarias	Dende Diplomado en CC. Empresarias: 802 Microeconomía (4 cred.); 803 Microeconomía (4 cred.) Dende o Primeiro ciclo de Licenciado en Economía: 801 Economía da Empresa (9 cred.)
Lic. en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	sen límite	1º ciclo das lic. en Farmacia, Veterinaria, Medicina, Bioloxía ou Química e das Enxeñerías Agrónoma, de Montes ou Química. Tamén os Enx. Tec. Agrícolas das especialidades de Expl. Agropecuarias, Hortofruticultura e Xardíns, Ind. Agr. e Aliment. e os Enx. Tec. Forestais da especialidade de Industrias Forest. e os Enx. Tec. Industriais da especialidade de Química Industrial, así como os Diplomados en Nutrición Humana e Dietética.	Diplomado en Nutrición y Dietética: 801 Análise Químico (6 cred.); 803 Enxeñería Química (6 cred.); Dende a E.T.A. Mec. e Construc. Rurais: 801 Historia da Arte (6 cred.); 802 Historia Moderna (6 cred.); 803 Latin e Cultura Clásica (7 cred.); Ademais: 1) dúas materias a escoller por bloque: bloque A: 808 Primeira Lingua Estranxeira: Francés I (7 cred.); 810 Primeira Lingua: Literatura Francesa I (4 cred.) bloque B: 809 Primeira Lingua Estranxeira: Inglés (7 cred.); 811 Primeira Lingua: Literatura Inglesa I (4 cred.) 2) dúas materias a escoller por bloque: bloque A: 804 Lingua Española (7 cred.); 806 Literatura Española (7 cred.) bloque B: 805 Lingua Galega (7 cred.); 807 Literatura Galega (7 cred.)
Lic. en Filoloxía Hispánica	sen límite	1º ciclo de calquera Filoloxía	801 Introduc. á Historia da Literatura Española (12 cred.); 803 Lingua Española I e 804 Lingua Española II (14 cred.)
Lic. en Humanidades	sen límite	1º ciclo de calquera titulación	Dende a E.T.A. Mec. e Construc. Rurais: A) Os titulados pola Universidade de Santiago de Compostela non necesitan complementos de formación se cursaron o plano de 1993. De ter cursado outro plano de estudos deberán facelos. B) Titulados por outras universidades: 801 Bioloxía Vexetal (9 cred.); 802 Fundamentos Químicos da Enxeñería (12 cred.)
Enx. Agrónomo	125	1º ciclo da Enx. de Montes ou Enx. Técnicos Agrícolas das especialidades de Expl. Agropecuarias, Hortofruticultura e Xardíns, Ind. Agr. e Aliment. ou Mec. e Constr. Rurais, así como os Enx. Tec. Forestais das especialidades de Industrias Forest. ou Explor. Forestais	Dende a E.T.A. Mec. e Construc. Rurais: A) Os titulados pola Universidade de Santiago de Compostela non necesitan complementos de formación se cursaron o plano de 1993. De ter cursado outro plano de estudos deberán facelos. B) Titulados por outras universidades: 801 Bioloxía Vexetal (9 cred.); 802 Fundamentos Químicos da Enxeñería (12 cred.)
Enx. de Montes	125	1º ciclo da Enx. Agrónoma ou Enx. Técnicos Agrícolas das especialidades de Expl. Agropecuarias, Hortofruticultura e Xardíns, Ind. Agr. e Aliment. ou Mec. e Constr. Rurais, así como os Enx. Tec. Forestais das especialidades de Industrias Forest. ou Explor. Forestais	Dende L.Farmacia: 801 Introdución á Enxeñería Química (7 cred.) Dende E.Químico: 802 Bioquímica (7 cred.); 803 Enlace Químico e Estructura da Materia (3 cred.)
Lic. en Química	sen límite	1º ciclo de farmacia, 1º ciclo de Enxeñería Química, E.T. Industrial (esp. Química Industrial)	Dende E.T.Industrial – Química Industrial: 804 Bioquímica (5 cred.); 805 Química Inorgánica I (5 cred.); 806 Estructura da Materia (5 cred.); 807 Análise Instrumental (6 cred.)

A determinación das materias dos complementos de formación está pendente da concreción definitiva para o curso 2001/2002.

TITULACIÓNS PROPIAS DE SÓ 2º CICLO (Campus de Santiago)

GRADUADO SUPERIOR EN XERONTOLOXÍA

PRAZAS	TITULACIÓNS OU ESTUDIOS QUE DAN ACCESO:
80	Ciencias Experimentais e da Saúde: 1º ciclo de calquera titulación (tanto diplomaturas como licenciaturas). Ciencias Sociais E Xurídicas: 1º ciclo de calquera titulación (tanto diplomaturas como licenciaturas). Área Humanidades: 1º ciclo de: Filosofía, Humanidades, Xeografía Antropoloxía Social e Cultural Ensinanzas Técnicas: Arquitectura técnica, Enx. Téc. en Informática de Sistemas, Enx. Téc. en Informática de Xestión 1º ciclo de Arquitectura
30 virtuais	Para aqueles alumnos que, ademais de posuir algún dos títulos ou estudos que dan acceso, acrediten experiencia profesional na área da xerontoloxía

GRADUADO SUPERIOR EN ENXEÑERÍA AMBIENTAL

As prazas adxudicaránse co seguinte prelación: en primeiro lugar ós Licenciados e Enxeñeiros; en 2º lugar ós Enx. Técnicos; de resultar vacantes adxudicaríanse entre os alumnos cun 1º ciclo superado; en último lugar a aqueles Enxeñeiros Técnicos que estean en condicións de presentar o proxecto de fin de carreira. Este alumnos deberán acreditar a superación do dito proxecto antes do 19 de outubro.

PRAZAS	TITULACIÓNS OU ESTUDIOS QUE DAN ACCESO:	COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN
15	CC.Experimentais	Os alumnos que non teñan aprobadas as materias equivalentes ás indicadas a continuación deberán facelos créditos que se indican. Para facilitar o cumprimento deste requirimento, a Universidade proporá, particularizando para cada alumno en función do seu currículo, as materias máis axeitadas
25	Ensinanzas Técnicas	Matemáticas 12 créd.; Economía 4,5 créd.; Física 12 créd.; Electrotecnia 4,5 créd.; Química 12 créd.; Resistencia de materiais 6 créd.; Informática 6 créd.; Expresión Gráfica 6 créd.; Bioloxía 6 créd.

GRADUADO SUPERIOR EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS

As prazas adxudicaránse polo orde de prelación que se indica no cadró:

PRAZAS	TITULACIÓNS OU ESTUDIOS QUE DAN ACCESO:	COMPLEMENTOS DE FORMACIÓN
40	1º. Enxeñeiros Técnicos ou 1º ciclo dunha Enxeñería Superior e primeiros ciclos das licenciaturas en Física, Matemáticas ou Ciencias e Técnicas Estatísticas. 2º. Diplomados ou cun primeiro ciclo de calquera titulación da área de Ciencias Experimentais e das titulacións de Administración e Dirección de Empresas, Economía, Ciencias Empresariais, Ciencias Actuariais e Financeiras, Biblioteconomía e Documentación, Ciencias da Información, Comunicación Audiovisual, Xornalismo, Arquitectura, Estudos Empresariais, Xestión e Administración Pública, Arquitectura Técnica. 3º. Calquera outro primeiro ciclo ou diplomatura.	Os alumnos terán que cursar, de facelo antes: Matemáticas 9 créd.; Introducción ós computadores e ós sistemas operativos 3 créd.; Introducción á programación: 6 créd..

NORMA COMÚN PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

- O criterio xeral para a adxudicación de prazas en cada grupo concreto farase consono o criterio de media do expediente académico segundo a norma 6.2 da convocatoria.